

Daniel Soutullo na biblioteca:

De Darwin ao ADN

Edicións Laiovento, 1997

Número: 5953

Escolma de ensaios sobre a pegada da Bioloxía na historia e na sociedade cunha especial atención ao “determinismo biolóxico”, ao desenvolvemento da teoría evolutiva darwiniana e ás cuestións derivadas do desenvolvemento da bioloxía molecular e dos métodos de procreación asistida.

Os xenes e o futuro humano

Edicións Laiovento, 1998

Número: 5952

Breviario onde explícase de maneira clara e concisa os conceptos básicos da xenética, necesarios para comprendermos ás súas principais aplicacións e consecuencias sociais.

Sobre clons e xenes

Edicións Laiovento, 2001

Número: 8544

Escolma de ensaios sobre o impacto social de algúns asuntos da Bioloxía actual como a clonación e o Proxecto Xenoma Humano. Discútese, desde una perspectiva crítica, as principais cuestións que suscitan o desenvolvemento da Bioloxía.

Ademais:

- A teoría da evolución e a natureza da historia. *Grial*, 125, 115-126.
- Darwin e as razas humanas. *Grial*, 129, 97-107.
- Darwin, euxeños e o darwinismo social. *Grial*, 134, 263-272.
- Determinismo e sociobioloxía humana. *Grial*, 141, 35-58.
- Proxecto Xenoma Humano: Xenética é creativa? *Grial*, 143, 409-418

Proximamente:

Las células madre, el genoma y las intervenciones genéticas

Editorial Talasa, 2006

IES Auga da Laxe
Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

Conferencia Clonación e células nai

Daniel Soutullo

Decembro, 2006

Sobre Daniel Soutullo

Daniel Soutullo estudou Bioloxía na Universidade de Santiago de Compostela, licenciándose en 1981. Entre 1981 e 1984 permaneceu como colaborador, no Departamento de Xenética da Facultade De Bioloxía desta Universidade e realizou unha tesina sobre a actividade mutadora dos elementos xenéticos móbiles en *Drosophila*.

Desde 1986 é Profesor de Bioloxía de Ensinanza Secundaria e en 1989 obtén a súa praza definitiva no IES *Monte da Vila* do Grove (Pontevedra).

Daniel Soutullo é un recoñecido especialista nas implicacións sociais da bioloxía e en bioética, conferenciante nas máis prestixiosas universidades galegas e españolas e autor dunha ducia de libros sobre o tema, ademais de moitos artigos e ensaios publicados en revistas especializadas.

En 2006, recibiu o premio da Fundación Víctor Grífols i Lucas polo seu libro *Biología, cultura y ética. Crítica de la sociobiología humana* (Talasa Ediciones, 2005), un estudo sobre o verdadeiro valor da bioloxía na conduta humana.



Clonación e células nai

Coñecer os aspectos básicos da conferencia do profesor Daniel Soutullo é imprescindible para comprendermos o mundo actual e futuro. O desenvolvemento da bioloxía celular e molecular levounos a situacións descoñecidas e ao manexo cotiá de termos antes descoñecidos ou reservados ao eido dos biólogos profesionais.

Daniel Soutullo fará unha exposición dos principais acontecementos do desenvolvemento embrionario humano, necesarios para entendermos a tecnoloxía da clonación e das células nai. Nunha segunda parte exporá os métodos de clonación existentes e as súas consecuencias, así como algunhas das súas aplicacións potenciais.

A terceira parte está destinada a explicar en que consisten as células nai, os diversos tipos de células nai que existen e as distintas procedencias que poden ter, ademais dunha breve exposición dalgunhas das aplicacións futuras da tecnoloxía das células nai desde o punto de vista biosanitario.

Por último, farase unha breve referencia á situación legal de todas as investigacións explicadas na conferencia.